

# Modelo de programación de proba libre de módulos profesionais

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005250	IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL	A CORUÑA	SETEMBRO 2015

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
06	Comercio e Márketing	CS060021	XESTIÓN COMERCIAL E MÁRKETING	Superior	Proba libre

### Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CS0100	Loxística	130

### Profesorado responsable

ROSA Mª MESURA CASTRO

## 2. Contidos

### **Introducción á loxística**

- Importancia da loxística.
- Obxectivos da loxística: subministros, puntos de venda e custos.
- Sistemas informáticos de información e xestión: funcións, estrutura e fluxos de información.

### **Transporte e abastecemento ós puntos de venda**

- Modalidades de transporte: terrestre, aéreo, marítimo e multimodal.
- Análise dos custos do transporte.
- Rotas de abastecemento: orixes, destinos e criterios de selección de rotas.
- Avaliación do transporte: fluxos de mercadorías, capacidade e custos.

### **Política de almacenamento**

- Actividades de almacenamento: natureza e importancia.
- Obxectivos do almacenamento.
- Modelos de organización de espazos e localización de produtos.
  - Organización física.
  - Número, localización e tamaño de almacéns
- Manipulación das mercadorías: procedementos, medios materiais e recursos humanos.
- Embalaxe e etiquetado.
  - Finalidade, sistemas de protección, conservación e identificación.
  - Normalización e codificación.
- Documentación administrativa no almacén: pedido, albará, nota de cargo-pagamento e factura.

### **Planificación de recursos de distribución**

- Pedidos e previsión de demanda.
- Asignación de “stocks”.
- Carga e transporte.

### **Servicio a clientes**

- Sistemas de control de calidade: concepto, xustificación e obxectivos.
- Loxística integral:
  - Prazos de entrega: Just in time.
  - Condicións da entrega
  - Calidade de entrega: tempo de espera e servizos posvenda.
- Análise de custos e beneficios.

### **Política de “stocks”**

- Criterios de clasificación dos stocks: Método ABC.
- Criterios de valoración de “stocks”: LIFO, FIFO, PMP, etc.,
- Inventarios.
- Rotación de existencias.
- Nivel óptimo de existencias.
- Reaprovisionamento: Criterios.
- Custos de almacenamento.

### **Normativa de seguridade e hixiene no almacén**

- Distribución do espazo: obxecto da distribución, superficie, espazos necesarios e criterios de distribución.
- Localización dos produtos.
  - Materiais que acondicionan o almacén.
  - Medio ambiente e empresa.
- Xustificación. Valor engadido.
- Eco-envases e eco-embalaxes.
- Minimización e redución de residuos.
- Reciclaxe.

## **3. Criterios de avaliación.**

### **CONTIDOS MÍNIMOS PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA**

- Identificar a estrutura de espazos do almacén.
- Cálcular a capacidade do almacén.
- Determinar a distribución interna de zonas e produtos do almacén tendo en conta a normativa de seguridade e hixiene.
- Describir as características dos postos de traballo necesarios.
- Identificar o produto.
- Elixir a maquinaria e ferramentas de manipulación e movemento das mercadorías.
- Identificar e seleccionar o tipo de embalaxe máis adecuado.
- Concretar os datos que deben figurar na etiqueta da embalaxe.
- Comprobar o nivel de existencias, dispoñibilidade de espazos, entrada e saída das mercadorías.
- Comparar o período medio de maduración real de existencias co previsto.
- Identificar a normativa aplicable ó medio de transporte.
- Obter a información relativa ós servizos de transporte (características, condicións ofrecidas, tarifas, etc) e seleccionar o transporte máis adecuado.
- Elaborar a documentación relativa ó pedido.
- Valorar as existencias aplicando os métodos FIFO, PMP, e rexistrar os datos no formato elixido.
- Obter o valor da rotación de existencias.
- Cálcular o lote económico e punto de pedido, stock de seguridade, nivel óptimo de pedido, stock medio, máximo e mínimo.
- Elaborar o procedemento para seguir no caso de devolución de mercadorías,

A avaliación dos coñecementos da persoa aspirante farase tendo en conta as seguintes actuacións:

- Parte teórica consistente nunha proba obxectiva tipo test, na que tódalas cuestións terán o mesmo valor. Tres respostas incorrectas anulan unha correcta. A proba puntuará sobre un total de 4 puntos, e para superala será necesario acadar unha puntuación mínima de 2. Esta proba ten carácter eliminatorio.
- Parte práctica consistente na realización de 6 actividades. Cada actividade puntuará sobre un total de 1 punto e o global da proba sobre un total de 6. Para superar a proba será necesario acadar unha puntuación mínima de 3. Esta proba ten carácter eliminatorio.

## 4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

### 4.1 Primeira parte da proba

Duración da proba: 2 horas

Exame consistente en 40 preguntas tipo test con unha soa resposta válida.

### 4.2 Segunda parte da proba

Realización de seis actividades sobre:

- Calcular a capacidade e a superficie necesaria para almacenar una cantidade determinada de mercancía.
- Decidir o medio de manipulación mais adecuado para unha serie de actividades do almacén.
- Calcular a rotación o período medio de maduración real do stock, comparalo co previsto e determinar as desviacións.
- Valorar a existencias utilizando o método de PMP ou FIFO nun formato deseñado mediante procedemento manual.
- Cálculo do punto de pedido, stock de seguridade, medio, máximo e mínimo, nivel óptimo de pedido
- Seleccionar o transporte máis adecuado, según as características e o custo total resultante de aplicar as tarifas e condicións ofrecidas.

Instrumentos necesarios: bolígrafo e calculadora.